

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

ORDE do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A).

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano da Xunta de Galicia encargado da proposta e execución das directrices xerais da política cultural de Galicia ao cal lle corresponde a dirección e coordinación das grandes liñas de actuación e as medidas para o desenvolvemento da cultura galega, no senso máis amplo, mediante a cooperación e a suma de vontades coas institucións coas que comparte obxectivos, entes locais, organismos públicos e entidades privadas, como forma de cristalizar as iniciativas no eido da protección, investigación e difusión cultural.

A Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, e a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, atribúen á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude as competencias en materia de patrimonio cultural de Galicia e, como parte del, correspóndenlle as actuacións para a protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio documental e dos arquivos.

Os arquivos custodian documentos como testemuño e garantía de dereitos e deberes das institucións e dos cidadáns, e como fonte de información para a xestión administrativa e a investigación. A súa función é conservar e servir os documentos polos medios e as técnicas que lle son propios.

Os arquivos galegos forman parte dunha estrutura organizativa, o Sistema de Arquivos de Galicia, composta por órganos, arquivos e servizos, que busca a consecución dos fins propios dos arquivos a través da colaboración cara á súa rendibilidade social e económica.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, como órgano coordinador e directivo do Sistema de Arquivos de Galicia, é quen para establecer as directrices técnicas que garantan a organización e o funcionamento dos arquivos que integran o sistema e prestarlles asistencia poñendo á súa disposición os recursos técnicos e os créditos que anualmente se establezan nos seus orzamentos.



En consecuencia, para que os arquivos realicen adecuadamente as súas funcións e os cidadáns teñan acceso á información contida nos documentos, é preciso que estean dotados da infraestrutura e do equipamento adecuado, que os seus fondos documentais estean organizados, en bo estado físico e mesmo reproducidos noutros soportes.

Esta orde ten como finalidade establecer as pautas de distribución de recursos destinados á descrición de fondos documentais de arquivos seguindo os criterios de obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia de acordo cos principios recollidos na Lei de subvencións de Galicia e na normativa xeral vixente.

Esta orde tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e existe crédito adecuado e suficiente previsto nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2026.

En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as normas de desenvolvemento,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Constitúe o obxecto desta orde, por unha banda, o establecemento das bases reguladoras das axudas destinadas á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos, e por outra, a convocatoria destas axudas para o ano 2026 (código de procedemento CT130A).

A finalidade da axuda é a realización de actividades que teñan por obxecto a descrición de series documentais dos arquivos galegos segundo a metodoloxía arquivística.

CAPÍTULO I

Bases reguladoras

Artigo 2. *Principios de xestión*

A xestión destas subvencións realizarase consonte os seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.



b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

Poderán optar a estas axudas os entes locais e as entidades privadas sen fin de lucro galegas que contan cun local estable destinado a arquivo e custodien fondos documentais constitutivos do patrimonio documental de Galicia, entendido como tal o establecido no artigo 109 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 4. *Requisitos para participar*

1. Os proxectos presentados deberán seguir as recomendacións e normas técnicas de arquivos dispoñibles no Portal de arquivos de Galicia <https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl>

2. Os solicitantes deberán dispoñer dunha aplicación informática de xestión documental que siga as normas técnicas de arquivos para a execución do proxecto.

3. O responsable técnico do proxecto será licenciado universitario ou equivalente, segundo o Espazo Europeo de Educación Superior, e deberá acreditar formación e experiencia profesional en materia de arquivos e patrimonio documental.

4. No caso dos entes locais, segundo o artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Artigo 5. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

As solicitudes de participación para estas axudas deberán respectar as seguintes condicións:

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>



2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha memoria detallada segundo o modelo que figura como anexo II, indicando de forma expresa:

1º. A aplicación informática de xestión documental implantada no arquivo.

2º. A relación de serie/s documentais e as datas extremas que describir con cargo a este proxecto.

3º. O nivel de descrición: unidade de instalación (caixas) ou unidade documental/expediente.

4º. O volume da documentación para describir, expresado en metros lineais e/ou o número de caixas normalizadas, coa estimación do número de rexistros descritivos asociados a cada intervalo de datas segundo o estipulado para a valoración da alínea d) do artigo 9.1.

5º. A persoa da entidade responsable do proxecto.

b) O orzamento desagregado do proxecto, segundo o anexo III, que inclúa a previsión de gastos así como a cantidade que se solicita.

c) Adicionalmente, poderanse achegar outros documentos complementarios para ampliar ou ilustrar a información contida nos datos do proxecto, a xeito de anexo, cando conteñan arquivos como imaxes, táboas, follas de cálculo, gráficos, etc.

d) A acreditación da representación, de ser o caso.



De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarse como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 7. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Consulta de concesións ampliado.

g) Consulta de axudas do Estado.

h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar logo da presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Criterios de valoración**1. Criterios de valoración aplicables a todos os arquivos:**

A Comisión Técnica de Avaliación realizará a avaliación das solicitudes presentadas ata un máximo de 8 puntos a través da análise da memoria do proxecto en función dos seguintes criterios:

a) Nivel de autofinanciamento: ata 1 punto.

b) Primeira subvención: 2 puntos.

c) Antigüidade e interese das series documentais que se describen: ata 2 puntos. O 50 % da documentación para describir deberá estar datada nos anos que se sinalan:

– Ata 1899: 2 puntos.

– De 1900 ata 1985: 1 punto.

– De 1986 ata 2020: 0,5 puntos.

As solicitudes que non recollan a relación de series/agrupacións documentais que describir puntuaranse con cero (0) puntos.

Cando as solicitudes non recollan a cantidade de documentos correspondente a cada un dos períodos cronolóxicos que se citan do artigo 9.1.c), puntuaranse con 0,5 puntos (puntuación mínima recollida para esta epígrafe).

d) Viabilidade do proxecto: ata 3 puntos.

– Adecuación do orzamento aos obxectivos da actividade, ao contido proposto e a prezos reais do mercado: ata 1 punto. Para a valoración dos proxectos terase en conta o prezo medio por caixa/rexistro das solicitudes presentadas.



– Nº de rexistros descritivos: ata 2 puntos.

– Entre 500-1.000 rexistros: 1 punto.

– A partir de 1.001 rexistros: 2 puntos.

2. Criterios de valoración aplicables a entidades locais:

Ademais dos criterios do número 1, as propostas presentadas polas entidades locais valoraranse ata un máximo de 6 puntos, que se outorgarán en función dos seguintes criterios:

a) Nº habitantes do concello: ata 4 puntos.

Concellos con menos de 2.000 habitantes: 4 puntos.

Concellos entre 2.001 e 5.000 habitantes: 3 puntos.

Concellos entre 5.001 e 10.000 habitantes: 2 puntos.

Concellos entre 10.001 e 50.000 habitantes: 1 punto.

b) Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal): ata 1 punto, tendo en conta os seguintes aspectos:

Pola mera presentación da solicitude conxunta entre concellos nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 0,25 puntos.

Tendo en conta o número de concellos asociados e participantes no proxecto: ata 0,75 puntos; 0,25 puntos por cada concello.

c) Criterios aplicables ás solicitudes presentadas por entidades locais fusionadas: outorgárase 1 punto pola mera presentación da solicitude nos termos sinalados nesta orde.

Non se admitirán aquelas solicitudes conxuntas nas que non se acredite a realización conxunta das actuacións e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local.



Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberán acreditar que contan cun local estable destinado a arquivo e que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou baixo a fórmula de consorcio e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

3. No caso de empate, para desempatar terase en conta, en primeiro lugar, o criterio de autofinanciamento e, en segundo lugar, a data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 10. *Instrución do procedemento e selección de solicitudes*

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á subdirección xeral competente en materia de arquivos, que revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida reclamarase aos solicitantes que emenden os defectos apreciados na documentación exixida, e outorgaráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, desde a notificación do requirimento, e indícaráselles que se non o fixesen se darán por desistidos da súa solicitude de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Co fin de cumprir co principio de concorrencia competitiva sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión técnica de avaliación que se axustará aos preceptos contidos na sección 3ª da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Esta comisión estará composta polo/a titular da Subdirección Xeral de Arquivos e Centros Museísticos que a presidirá, actuando como vogais dúas persoas técnicas de arquivos. Exercerá a secretaría o/a titular do Servizo do Sistema de Arquivos. En caso de ausencia dalgún dos membros, correspóndelle ao/á titular da Dirección Xeral de Cultura nomear un suplente. A Comisión formulará o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

Artigo 11. *Listaxes provisionais e proposta de resolución*

1. A unidade instrutora, en vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido pola Comisión Técnica de Avaliación elaborará a listaxe provisional de entidades excluídas por



non reunir todos os requisitos, así como das entidades admitidas e a puntuación acadada. Estas listaxes publicaranse na páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude <https://www.cultura.gal/gl/servizos> e a través da páxina web do Portal de arquivos de Galicia <https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl>

2. As entidades solicitantes disporán dun prazo de dez días para formular alegacións ás listaxes provisionais. Estas alegacións dirixiranse á unidade instrutora.

3. A unidade instrutora examinará as alegacións recibidas e daralle traslado delas á Comisión Técnica de Avaliación para que as avalíe. En vista de toda a documentación, elaborará as listaxes definitivas de entidades excluídas e admitidas, coa puntuación acadada por estas.

4. A unidade instrutora competente en materia de cultura formulará a proposta de resolución motivada das solicitudes por orde decrecente de puntuación, logo do informe de avaliación emitido pola Comisión Técnica de Avaliación. Esta proposta será elevada á persoa competente para resolver.

5. Cando o importe da subvención da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar a entidade beneficiaria a reformular a súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

6. No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola Comisión que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 12. *Resolución*

1. No prazo de quince días desde a elevación da proposta de resolución de adxudicación definitiva por parte da unidade instrutora, a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude deberá resolver de acordo co disposto no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Na resolución incluírase a relación de entidades solicitantes ás que se lle conceden as subvencións, especificando a puntuación total obtida e as cantidades concedidas para



cada solicitude. Así mesmo, incluírá a relación das entidades que non acadaron subvención e a causa da non obtención.

3. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. A resolución de adjudicación, que se notificará nos termos previstos no artigo 13.6 pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta ás persoas interesadas ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados, así mesmo, desde a data de notificación.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

6. A resolución será obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a través da páxina web do Portal de arquivos de Galicia, <https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl>

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, agás o disposto no parágrafo 6 deste artigo.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na soli-



cidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as entidades interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das entidades interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución de adxudicación será notificada mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Artigo 14. *Aceptación da axuda*

Unha vez notificada a resolución definitiva do órgano competente, as entidades adxudicatarias propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria; se a renuncia non se comunica expresamente no citado prazo, a entidade beneficiaria queda comprometida a realizar o investimento, agás causas de forza maior aceptadas pola Comisión de Valoración e de non facelo incorrerá nas responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as entidades beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 16. *Prazo, xustificación e pagamento das axudas*

1. O prazo para que as entidades beneficiarias das axudas acrediten e xustifiquen os proxectos subvencionados será ata o 31 de outubro de 2026; en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

2. O cumprimento efectivo dos fins para os que foi concedida a axuda acreditarase por medio da presentación da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do proxecto realizado en relación coa axuda concedida, que inclúa a relación das series documentais descritas e as datas extremas, o número de rexistros realizado e o rango de signaturas descritas ao abeiro desta axuda.

No caso de entidades privadas, engadirase á memoria o cadro de clasificación do arquivo indicando as series descritas.

b) Acceso á aplicación de xestión documental utilizada.

c) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que incluirá:

1º. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2º. Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento. Indicaranse as desviacións producidas en relación co orzamento aprobado.

3º. Copia das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento.

4º. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

3. As entidades locais beneficiarias, de acordo co establecido nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, deberán presentar a conta xustificativa da subvención, que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida. A conta xustificativa estará integrada pola seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/da alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación por parte do órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación de gastos.

c) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



4. A presentación da documentación xustificativa despois do prazo sinalado ou a xustificación insuficiente comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

5. Serán obxecto de subvención nesta convocatoria os proxectos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data límite de xustificación da orde.

6. A Dirección Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.

7. Non poderá realizarse o pagamento das axudas mentres a entidade beneficiaria non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por resolución da procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación.

Artigo 17. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias desta axuda quedarán suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en concreto, estarán obrigadas a:

1. Destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal fosen concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución das axudas.

2. Facer constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencionado que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



4. As persoas beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 18. Reintegro da axuda e procedemento sancionador

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a entidade beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 19. Réxime xurídico

1. Para todos aqueles aspectos non previstos nas presentes bases, aplicarase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e a demais normativa de aplicación.

2. A presentación electrónica de solicitudes suxeitarase ao disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a obriga das persoas xurídicas de relacionarse electronicamente coas administracións públicas.



CAPÍTULO II**Convocatoria das axudas para o ano 2026****Artigo 20. Axudas obxecto da convocatoria**

Mediante esta orde convócanse para o ano 2026 as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos.

Artigo 21. Prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 22. Financiamento e contía das axudas

1. As axudas convocadas para este ano terán unha contía total de cento oitenta e cinco mil euros (185.000 €) que se imputarán aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías:

13.03.432A.760.0: entes locais 150.000 €.

13.03.432A.781.0: entidades sen fin de lucro galegas 35.000 €.

2. A tramitación desta orde faise como anticipada de gasto e fica condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2026.

3. A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto se poderán iniciar, sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da



Xunta de Galicia. Por iso, a eficacia desta convocatoria fica condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución da concesión.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

4. O proxecto será cofinanciado entre o solicitante e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A axuda máxima por entidade beneficiaria que concederá a consellería será de 7.000 € por proxecto, que en ningún caso poderá exceder o 80 % do investimento total aprobado.

5. Este importe de 7.000 € ascenderá a 9.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

6. O importe do crédito inicial poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo co artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. No suposto de que nunha aplicación orzamentaria quede crédito dispoñible, poderá incrementar o crédito doutra aplicación dentro das previstas nesta orde.

8. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, se o importe total que percibe a entidade beneficiaria non supera a porcentaxe máxima do investimento.

Artigo 23. *Gastos subvencionables*

1. Non serán gastos subvencionables os seguintes gastos:

a) O importe do IVE cando sexa susceptible de recuperación ou compensación. Neste suposto, a cantidade imputable como gasto será a correspondente á base imponible dos



gastos xustificadas. No caso das facturas de autónomos, o gasto subvencionable será a base imponible ou o total, segundo o caso, pero en todo caso sen aplicar a retención do IRPF, por ser un gasto que a entidade beneficiaria realiza ao aboalo a Facenda.

b) Gastos asociados a profesionais que non imputen horas directamente á actividade obxecto da subvención.

Disposición adicional

1. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 28.6.2024; DOG núm. 130, do 5 de xullo)
Elvira María Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude



PROCEDIMENTO AXUDAS PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ARQUIVOS	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT130A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RAZÓN SOCIAL
<input type="text"/>

ENDEREZO

PAÍS					
<input type="text"/>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)
<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



ANEXO I
(continuación)

DATOS BANCARIOS

Formato IBAN

Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

PRIMEIRA SUBVENCIÓN

Si Non

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Memoria detallada do proxecto de descrición (anexo II)

Orzamento desagregado do proxecto (anexo III)

Documentos complementarios

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación, de ser o caso			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións ampliado	<input type="checkbox"/>
Consulta axudas do Estado	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- o Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- o Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- o Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- o Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- o Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- o Orde do 3 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura



MEMORIA DETALLADA DO PROXECTO DE DESCRICIÓN PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)		
<input type="text"/>		

DENOMINACIÓN DO ARQUIVO QUE CUSTODIA OS FONDOS DOCUMENTAIS**APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN DOCUMENTAL IMPLANTADA NO ARQUIVO**

ANEXO II
(continuación)**RELACIÓN DE SERIES E DATAS EXTREMAS PARA DESCRIBIR**

SERIE/AGRUPACIÓN DOCUMENTAL	Cantidad de documentos correspondente a cada un dos períodos cronolóxicos			
	Ata 1899	De 1900 ata 1985	De 1986 ata 2020	



VOLUME TOTAL DA DOCUMENTACIÓN PARA DESCRIBIR

Nº DE UNIDADES DE INSTALACIÓN

Nº DE REGISTROS ESTIMADO

NIVEL DE DESCRICIÓN DOCUMENTAL

- Unidade de instalación (caixas)
 Unidade documental/expediente

PERSONA DA ENTIDADE RESPONSABLE DO PROXECTO

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

de

de

Dirección Xeral de Cultura



ORZAMENTO DESAGREGADO DO PROXECTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL		

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO CONTÍA SOLICITADA CONTÍA ACHEGADA POLA ENTIDADE

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Cultura

CVE-DOG: fzqb3ze6-krs3-n4j7-xm81-y1rkmmm3m535

